

De maneira orientativa, citamos un conxunto de programas e actividades que, unha vez calendarizadas constituirán a proposta de usos da instalación:

1) PROGRAMA VIVE AS ESTACIÓNS:

Proposta de saídas monitorizadas ao entorno rural e, no seu caso, a parques de interese próximos ao centro de ensino solicitante da actividade, para que coñezan os cambios estacionais que se producen no contorno. Nas catro saídas que se organicen, proporcionaráselle a cada grupo material para o traballo na aula.

Duración aproximada: módulos de 45 m. e de 90 m.

2) ACTIVIDADES FORMATIVAS PARA TODOS OS PÚBLICOS:

A través de obradoiros de aplicación práctica e de corta duración, referidos a aspectos da vida cotiá, como por exemplo: Plantas de interior, fotografía dixital no medio rural e poda responsable, entre outros.

3) CELEBRACIÓN DE EVENTOS E TRADICIÓNS:

Entroido, Maios, Matanza do porco, Día da Árbore... Para grupos de idade diversos, con saídas de campo, actividades educativas, proxeccións de películas, entre outras propostas.

4) EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

5) ITINERARIOS GUIADOS:

Atendendo ao emprazamento do equipamento revitalizaranse e, no seu caso, elaboraranse, novos itinerarios polo seu entorno: brañas de Brins, necrópole de Chans de Figueiras...a través dos que os participantes poidan achegarse a diversos aspectos relacionados co patrimonio natural e cultural da zona e a importancia destes na configuración da paisaxe rural galega.

6) PUBLICACIÓNS:

Creación dunha colección de materiais didácticos co obxectivo de sensibilizar e achegar información para todos os públicos.

7) OBRADOIRO DE PREHISTORIA:

Aproveitando a existencia de restos de xacementos prehistóricos na zona (necrópole, mámoas), vai permitir coñecer como os poboadores prehistóricos da comarca compostelá se asentaron no territorio e aproveitaron os seus abundantes recursos naturais. Os grupos desenvolverán actividades de pintura, gravado, elaboración de instrumentos, talla, manipulación de coiro, colares, puntas de sílex moenda, armas de caza, de elaboración de lume...

8) MOSTRA E ACTIVIDADES DE ETNOGRAFÍA:

No que os visitantes podan coñecer utensilios, apeiros e ferramentas xa perdidos ou en uso relacionados coa zona, procurando a implicación de persoas residentes no lugar.

9) ACTIVIDADES ARREDOR DO BOSQUE:

Favorecendo o coñecemento da zona, a súa flora e fauna, con itinerarios guiados, co obxectivo de potenciar hábitos e actitudes de respecto: elementos que o conforman, relacións que se establecen, interaccións co ser humano,...

10) OBRADOIRO DE XOGOS:

Para os participantes e para grupos de profesores, con propostas de actividades previas e posteriores á estancia: xogos para coñecemento dos animais; para potenciar a observación, sobre usos e importancia da auga,...

11) NOITES DE ASTRONOMÍA:

Actividades de iniciación á astronomía.